

QUE PRECISA UN GATO PEQUEÑO?

Texto e ilustracións de NATALIA SHALOSHVILI

Tradución dende o ruso de IRINA STEPANOVA

Encadernado en cartón. 19,5 x 24 cm. 40 páx. 16 €

[Que precisa un gato pequeno?](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-380-6. Álbum ilustrado. Tras os montes.

[¿Qué necesita un gato?](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-381-3. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Què necessita un gat petit?](#) (català)

ISBN 978-84-1343-383-7. Álbum il·lustrat. Obres d'autor.

Que precisa un gato pequeno?

Dous ollos pequenos.

Dúas orellas pequenas.

Unha boca chea de pequenos e afiados dentes.

Tamén bigotes. Os bigotes poden ser grandes.

E un corpo co lombiño manchado de cores

e catro patas... con gadoupas!


As claves para ser un gato, comportarse coma un gato e sentir coma un gato.

Descubrimos o simpático protagonista desta historia a través dunha sinxela descrición ou enumeración das partes que conforman a súa fisonomía. Nesta presentación inicial non pasan desapercibidos algúns trazos do seu carácter, inquedo e rebuldeiro.

No desenvolvemento do relato tamén transcenden os seus gustos e costumes, como correr tras dun ratiño, observar os paxaros ou tumbarse ao sol. Tenro e caseiro, o que máis apreza este minino son as apertas e os aloumiños; a necesidade do contacto físico, tan importante para o crecemento e a autoestima.

Tras explorar os sentimentos da infancia a través da figura dun gato humanizado no álbum «Pablo está de mal humor», afondamos agora no temperamento destes felinos cunha obra que desprende emoción, frescura e refachos de humor. Especialista en ilustrar e crear libros sobre animais, Natalia Shaloshvili revélanos aspectos fundamentais do mundo *gatuno*, especialmente no plano afectivo: unha vintena de claves -tanto materiais como inmateriais, e resaltadas con outra tipografía- para coñecer mellor a estas entrañables mascotas.

O seu estilo narrativo é sinxelo e desenfadado, con xiros espontáneos que interpelan directamente tanto o personaxe principal, como as lectoras e os lectores. Nas imaxes, de atmosferas etéreas y suaves texturas cromáticas, destacan os cenos cómicos e surrealistas, como as gaivotas con gorros e gafas, ou a cola do gato convertida en nunha cana de pescar.



■ **Temática:** características físicas e aspectos que marcan o comportamento dos gatos.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** linguaxe descritiva, necesidades materiais e afectivas, emocións, sentimentos, autonomía, experiencia; mascotas, animais, natureza; humor, vocabulario; da autora de «[Pablo está de mal humor](#)».

■ **Avance del libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/pablo-esta-de-mal-humor-g>

Natalia Shaloshvili

Artista plástica, autora e ilustradora de literatura infantil, de orixe ucraniana. Graduada en arquitectura, na súa mocidade estudou nunha escola de arte, formación que retomou anos despois para dedicarse á ilustración. Iniciou a súa traxectoria como ilustradora editorial e de moda, traballando para varias revistas e axencias creativas de ámbito internacional. Na actualidade, afincada en Londres, dedícase á ilustración de libros para nenas e nenos —colaborando con algunhas das principais editoras e con varios títulos traducidos a distintas linguas— e tamén á pintura. As súas obras encóntranse en galerías e coleccións privadas de todo o mundo.

https://www.instagram.com/nataly_owl/

<https://animals.cafe/>

